



BASES REGULADORAS DO I CONCURSO SOBRE ACTITUDES POSITIVAS (NON TÓXICAS) NAS RELACIÓNS

O Concello de Burela, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de concienciar á mocidade sobre as relacións positivas e non tóxicas, no marco da igualdade.

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN E OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso sobre actitudes positivas (non tóxicas) nas relacións, organizado polo Concello de Burela.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso calquera persoa que así o decida e a súa idade esté comprendida entre os 12 e os 30 anos, existindo unha soa categoría. Os menores de idade terán que estar autorizados polo pai/nai ou titor/a.

TERCEIRA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR E LUGAR

A documentación a presentar será a seguinte:

- Fichas de inscrición establecida ao efecto (Anexo I)
- Autorización do pai, nai ou titor/a legal para os menores de idade (Anexo I)
- D.N.I / N I E / Ppasaporte ou no seu caso libro de familia.

Os traballos poderán presentarse de forma presencial no Rexistro Municipal, a través de correo postal ou por correo electrónico (indicado para formatos dixitais). No caso de ser entregados por correo postal o autor/a deberá mandar, dentro do prazo de presentación de instancias por fax ou correo electrónico xustificante da súa presentación.

O enderezo postal é:

Casa da Xuventude
Rúa do Cancelo, 1
27880 Burela
Lugo

Correo electrónico: casaxuventude@burela.org

CUARTA.- NORMAS DE ELABORACIÓN DOS TRABALLOS E PRESENTACIÓN DOS MESMOS

Os traballos deberán:

- a) Estar relacionados co motivo obxecto destas bases.
- b) Formato libre (texto, lema, debuxo, pintura, video, audio, fotografía, deseño

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945





dixital,... calquer forma de expresión) que sexa reproducible en formato físico ou dixital. Trátase de que os participantes teñan total liberdade para expresarse co fin de dinamizar e facilitar a participación de mais persoas.

- c) Todos os traballos deberán ser inéditos.
- d) O/a participante ou os/as participantes maniféstanse garantes baixo a súa responsabilidade que é ou son os únicos titulares de todos os dereitos de autor sobre o traballo que presenta e responsabilizaranse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereito de autoría.

Para os **traballos presentados de forma presencial no Rexistro Municipal ou por correo postal**, estes deberán ser presentados en dous sobres pechados:

O primeiro conterá:

- a) o traballo asinado con pseudónimo (o lema que se asine cos datos persoais do autor/a quedará excluído)
- b) un segundo sobre pechado cos datos persoais e identificado co pseudónimo usado polo autor/a (Anexo I)

No exterior do primeiro sobre debe de figurar o pseudónimo co que participa.

O xurado non terá coñecemento en ningún momento da autoría de cada unha das obras.

Para os **traballos presentados vía correo electrónico**, neste caso o nome do arquivo que contén o traballo será o pseudónimo e no arquivo que conteña a ficha de inscrición incluírase o pseudónimo

QUINTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración serán o contido e tratamento do tema, orixinalidade e expresión.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

A prazo para a presentación dos traballos remata un mes despois da publicación destas bases no B.O.P. de Lugo.

SÉTIMA. COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado deste concurso estará composto por tres persoas:

1. Dña. Mario Pillado Mon, Concelleiro de Inmigración, Cooperación e Integración do Concello de Burela.
2. D. Ángel Rubiños Ben, Director da Casa da Cultura do Concello de Burela.
3. D. Sandra Fernández Cillero, Concelleira de Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Burela

Actuará como secretario do xurado o Director da Casa da Xuventude do Concello de Burela, con voz e sen voto.

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945





Unha vez rematado o prazo de entrega de traballos, o xurado reunirase e levantará acta na que conste o/a premiado/a.

OITAVA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada ao presente premio é de 60 € (partida orzamentaria 2311/489)

NOVENA.- PREMIOS

O premio para o gañador/a será:

1º Premio: lote valorado en 60 €

O xurado poderá deixar deserto o premio, se así o considera oportuno.

De acordo con RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre a Renda das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

DÉCIMA.- INCOMPATIBILIDADES

A mesma persoa non poderá presentar máis dun traballo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CESIÓN E AUTORIZACIÓN DE DEREITOS

Os dereitos do autor/a do traballo manteranse, pero cederanse gratuitamente ao Concello de Burela os dereitos de uso, reprodución e difusión, citando en todo momento a autoría do mesmo.

Os traballos participantes poderán ser obxecto de exposición en espazos de relevo cultural, artístico e educativo do Concello de Burela.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROCEDEMENTO E ENTREGA DE PREMIOS

Sobre a acta do xurado emitirase informe-proposta que se elevará ao Alcalde-Presidente, órgano competente para a concesión dos premios, que se outorgarán mediante Resolución de Alcaldía.

O fallo do xurado darase a coñecer aos gañadores/as a través de chamada telefónica ou correo electrónico, sen prexuízo da obrigatoria notificación da resolución.

Os premios entregaranse en acto público na data que se publicará na páxina web e prensa local.





DÉCIMO TERCEIRA.- ACEPTACIÓN DAS BASES E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A participación no Concurso supón a plena aceptación das bases e fai responsable a cada concursante da autoría e orixinalidade do traballo presentado; para calquera decisión sobre o mesmo queda facultado o xurado do concurso e a propia Concellaría de Inmigración, Cooperación e Integración do Concello de Burela. A súa decisión é inapelable.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. A finalidade da recollida e tratamentos dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral os premios están incluídos no ámbito da aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Burela é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na base décima (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00.- Euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do R.D. 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945

Cod. Validación: 6MXML3R7R2LKW6ZYMYSM54CN5
Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

